FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

CONVOCATORIA CURSO DE ADESTRADOR DE NIVEL II

A Federación Galega de Baloncesto a través da súa Escola Galega de Adestradores, convoca o Curso de Adestrador de Nivel II, cuxa fase presencial impartirá durante os meses de xuño e xullo de 2012 e desenvolverase nunha sede única a nivel galego: Santiago de Compostela. Este curso ten carácter FEDERATIVO.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Celebrarase en SANTIAGO de Compostela.

DIRECTOR DO CURSO

O Director do Curso será D. Yago Casal Mera.
Mail: dircursos@fegaba.com

DATAS DE CELEBRACIÓN

Fase presencial: do 25 de xuño ao 1 de xullo do 2012. Xornadas de mañá e tarde, de 09.30 h. a 14.00 h. e de 16.00 h a 20.00 h.

Fase non presencial: Comentará o 2 de maio, continuará coa fase presencial e posteriormente realizarase o bloque de prácticas durante a temporada 2012/13.

INSCRICIÓN

Todas as inscricións deberán ter entrada na FGB ou na súas delegacións **antes do 16 de abril de 2012**.

Para o rexistro de datos empregarase o modelo que se achega con esta convocatoria.

Así mesmo, deberán entregarse 2 fotografías tamaño carné, fotocopia do D.N.I., xustificante de ter pagado a cota de inscrición ao curso, así como a copia do Título de Nivel I, coas prácticas feitas.

No caso de existir máis de 40 inscritos, seleccionaranse ata ese número máximo en función do seu currículo académico e deportivo.

O criterio a utilizar en dita selección será o seguinte:

- ✓ Suspensos doutras convocatorias.
- ✓ Colaboración coa FGB.
- ✓ Deportista de alto nivel.
- ✓ Currículo deportivo como adestrador (últimos 5 anos).
- ✓ Antigüidade do Curso de Nivel I.
- ✓ Investigación e publicacións.

REQUISITOS DE INSCRICIÓN

Ter más de 18 años e estar en posesión do Título de Nivel I coas prácticas e os complementos feitos.

COTA.

A cota de inscrición é de **400 euros**. Nesta cantidade inclúense as taxas de matrícula das convocatorias ordinarias, docencia, atención titorial e certificación de diplomas.

A cota de inscrición non inclúe os libros de texto oficiais da Federación Española de Baloncesto (4 libros e un DVD). Estes poderán adquirirse a prezo de custe na sede da FGB, o custo é de 85 € + IVA, previa solicitude dos mesmos.

Devandita cota deberá aboarse mediante transferencia bancaria a conta de **CAIXABANK Nº 2100/1455/14/0200227406**, indicando claramente o nome do alumno e destino do mesmo: Curso de Nivel II.

Se previamente xa tiña realizado toda ou parte da inscrición, deberá xustificar ante a FGB dita transferencia.

Aqueles que finalmente non sexan admitidos, recuperarán o ingreso efectuado.

LISTA DE ADMITIDOS

A FGB, a través da súa web notificará os alumnos admitidos antes do 30 de abril.

COMEZO DO CURSO

Informarase puntualmente, a través da web da FGB, do lugar de celebración, da fase presencial e dos horarios concretos do curso.

REQUISITOS E RECOMENDACIÓNS PARA OS ALUMNOS

Para a superación deste curso é IMPRESCINDIBLE a presenza física do alumno na fase presencial, superar as diferentes probas de cualificación que se realicen en cada materia, así como presentar satisfactoriamente os traballos que se soliciten por parte do profesorado.

Así mesmo, é imprescindible a superación do bloque de prácticas durante a temporada 2012/13.

Así mesmo é necesario, para un mellor seguimento do curso, que o alumno disponga dos seguintes elementos:

- ✓ Acceso a Internet e unha conta persoal de correo electrónico.
- ✓ Dispor dun ordenador portátil con que realizar tarefas e traballos.
- ✓ Dispor dun reprodutor de DVD, onde poder visionar diferentes DVD´s didácticos que se lle proporcionen.

VALIDACIÓNS

Para aqueles alumnos que posúan una titulación académica coa que poidan aspirar a unha validación de materias ou bloques, deberán completar a preinscrición no apartado de observacións, coas materias ou bloques dos cales solicita validación. Así mesmo, achegará a Certificación académica persoal, debidamente compulsada, na que se reflictan as materias cursadas e a súa cualificación, para que a Comisión de validacións avalíe dita solicitude.

Santiago, 14 de Febreiro de 2012

Area Adestradores FGB